

Concurso de Entroido 2023 Concello de Boimorto  
BASES

O Concello de Boimorto organiza un concurso de entroido que terá lugar o sábado 18 de febreiro de 2023 no polideportivo municipal.

1. Poderán participar as persoas que se achegen o polideportivo municipal o sábado 18 de febreiro.

A participación no presente concurso supón a aceptación íntegra de todos os puntos contidos nestas bases e que se autoriza ó concello para a utilización das imaxes en carteis, publicacións, medios de comunicación e outros para a promoción da cultura.

## 2. MODALIDADES:

Haberá dúas modalidades, adultos e infantil (ata 14 anos), e en cada modalidade haberá categoría de grupos (mínimo 3 persoas) e categoría individual. O concurso realizarase cunha participación mínima en cada categoría de 3 participantes.

## 3. INSCRICIÓNS

As inscricións realizaranse o día 18 de febreiro, no propio polideportivo entre as 17:00 e 18:30 horas.

**NON SE ADMITIRÁN INSCRICIÓNS FORA DO HORARIO ESTABLECIDO.**

## 4. PREMIOS

### Adultos:

#### - Grupos:

1º Vale por una xornada de Archery battle (grupo de 8 persoas)

2º Vale por una comida/cea (Max: 8 persoas)

3º Cesta de produtos da comarca

#### - Individual:

1º - Auriculares inalámbricos

2º - Lote de produtos

3º - Batería externa

### Infantil (ata 14 anos)

#### - Grupos:

1º Vale por unha xornada de Láser tag (grupo 8 persoas)

2º Vale por unha xornada de Tiro con arco (grupo de 8 persoas)

3º Cesta de produtos infantís

#### - Individual:

1º- Auriculares inalámbricos

2º- Vale material librería

3º - Xogo de mesa

Os/As participantes que resulten premiados daranse a coñecer unha vez rematado o concurso no polideportivo municipal que deberán estar presentes no momento da súa entrega.

Os premios están suxeitos a declaración segundo a lexislación vixente.

No caso de non haber participantes en algunha das categorías, o final da entrega de premios sortearase un dos premios desertos entre os asistentes.

## 5. XURADO

O xurado estará integrado por un/a empregado/a municipal, un representante do equipo de goberno municipal e unha persoa que represente a empresa de animación do evento.

As persoas gañadoras serán escollidas, en cada unha das categorías, en relación á:

- Grupos:

Orixinalidade/estética: 0 – 2 puntos

Vestuario e maquillaxe: 0 – 2 puntos

Traballo feito a man e materiais refugallo: 0-3 puntos

Coreografía /Simpatía: 0-3 puntos

- Individuais:

Orixinalidade /estética: 0 – 2 puntos

Maquillaxe: 0 – 2 puntos

Traballo feito a man e materiais refugallo: 0-3 puntos

Simpatía: 0-3 puntos

O veredicto será inapelable.

Boimorto, a 3 de febreiro de 2023



NaiGaia